



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa Antonio Palacios, 76- 36400 O Porriño  
Teléfono: 886 110392  
Correo electrónico: [ies.pinomanso@edu.xunta.es](mailto:ies.pinomanso@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/iespinomanso/>



galicia

**IES Pino Manso**

# **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS IES PINO MANSO 2021-2022**



**IES Pino Manso**

# DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

## 1º TRIMESTRE:

### CAMPIONATO DE FUTBITO DOS RECREOS

1º/2º/3º/4º ESO, 1º/2º BACHARELATO, 1º/2º FP BÁSICA.

CAMPO DE FUTBITO

### ROTA CICLISTA EN VALENÇA

1º ESO

VALENÇA-VILANOVA DA CERVEIRA

### DESCENSO DO MIÑO EN PIRAGUA

4º ESO

CALDELAS-TUI

### ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO MAGOSTO

1º/2º ESO

MORTE SÚBITA, CARREIRAS DE SACOS, SOGA TIRA.

PISTAS POLIDEPORTIVAS

### FINAIS DO CAMPIONATO DE FUTBITO

ULTIMO DÍA DO TRIMESTRE NO PAVILLÓN MUNICIPAL.

### CHARLA/ MONOGRÁFICO ARTES ESCÉNICAS

3º/4º ESO, 1º/2º BACHARELATOS, 1º/2º FP BÁSICA

XIMNASIO

### CHARLA/ MONOGRÁFICOS DE BALONCESTO/BALONMÁN

1º/2º ESO, 3º/4º ESO, 1º/2º BACHARELATOS, 1º/2º FP BÁSICA

PAVILLÓN DEPORTIVO ANEXO

## 2º TRIMESTRE:

### TORNEOS FINAIS DE BÁDMINTON

1º/2º/3º/4º ESO, 1º/2º BACHARELATOS



## **IES Pino Manso**

PAVILLÓN MUNICIPAL.

### **MONOGRÁFICO BÁDMINTON**

1º/2º/3º/4º ESO

CLUB BÁDMINTON AS NEVES

PAVILLÓN MUNICIPAL

### **VISITA A BALAIOS E PATINAXE SOBRE XEO**

1º ESO

VIGO

### **CHARLA/ MONOGRÁFICOS DE BALONCESTO/BALONMÁN**

1º/2º ESO, 3º/4º ESO, 1º/2º BACHARELATOS, 1º/2º FP BÁSICA

PAVILLÓN DEPORTIVO ANEXO

## **2º TRIMESTRE:**

### **CAMPIONATO DE BALONCESTO 3X3 MIXTO**

1º/2º/3º/4º ESO, 1º/2º BACHARELATO, 1º/2º FP BÁSICA

PISTAS POLIDEPORTIVAS

### **MONOGRÁFICO DE TIRO CON ARCO**

1º/2º ESO

XIMNASIO

### **INICIACIÓN Ó SURF.**

2º ESO

PRAIA DE PATOS

### **SEMANA BRANCA.**

2º/3º ESO

JACA (HUESCA)

### **ORIENTACIÓN URBANA**

3º ESO

CASCO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA



## **IES Pino Manso**

### **CARREIRA POLA IGUALDADE**

1º/2º/3º/4º ESO, 1º/2º BACHARELATOS, 1º/2º FP BÁSICA

INMEDIACIÓN DO IES

### **3º TRIMESTRE:**

#### **SENDEIRISMO E XOGOS NA PRAIA**

1º BACHARELATO

MONTEFERRO- PRAIA AMÉRICA

CABO UDRA- BUEU

#### **TORNEO DE VOLEIBOL 4X4**

1º/2º/3º/4º ESO, 1º/2º BACHARELATOS, 1º/2º FP BÁSICA

PISTAS POLIDEPORTIVAS

#### **SESIÓNS DE CROSSFIT**

1º BACHARELATO

XIMNASIO CÓRPORE

#### **GIMCANA FINAL DE CURSO**

1º ESO

PISTAS POLIDEPORTIVAS

#### **VISITA Ó INEF DE PONTEVEDRA E XOGOS NA PRAIA**

2º BACHARELATO

PONTEVEDRA

#### **VISITA Ó TAFAD DE CANGAS E XOGOS NA PRAIA**

4º ESO

CANGAS

## **DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

A maioría destas actividades varían cada curso escolar e están normalmente condicionadas polo custo adicional que supón e pola situación



### IES Pino Manso

sanitaria. Tentarase facer a contratación dun grupo de teatro especializado na ensinanza do inglés para distintos niveis así como realizar sesións de "Contacontos Inglés-Galego".

Por outra banda, tratarase de fomentar o contacto por correspondencia e Internet e o intercambio de alumnos-as con outros estranxeiros de fala inglesa: O programa chámase [SammTalk](#) e é un intercambio dun mes, novembro, onde estudantes españois, noruegos e británicos intercambian 2 vídeos: un falando sobre o seu colexio e outro sobre os seus intereses. Os nosos [alumn@s](#) grabarano en inglés e os noruegos/británicos en español. Ao finalizar o intercambio, poden manter o contacto e seguir practiando pola súa conta.

Individualmente e en pequenos grupos, os [alumn@s](#) poderán buscar información en inglés en páxinas web para a realización de traballos sobre personaxes e temas que esperten o seu interese...

## DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

De ser posible, intentaríanse as seguintes saídas:

- Saída Caurel-Ancares nas datas 6, 7, 8 de abril (tres días, dúas noites) co alumnado de BIXE de 1º de BAC, alumnado de BIXE, CTMA, XEO de 2º de BAC e co alumnado de DEBUXO ARTÍSTICO de 2º de BAC.
- Visita á Feira de Minerais de Guláns (Ponteareas) para os alumnos de 1º e 3º ESO e para os alumnos de Xeoloxía.
- Visita a unha Central de Tratamento de Residuos para os alumnos de CTMA.
- Visita aos Museos de Ciencias da Coruña (organizado co Departamento de Física e Química) para os alumnos de 3º ESO.
- Saída a Universidade Complutense de Madrid dos alumnos de Anatomía Aplicada para visitar a súa exposición permanente de modelos anatómicos.
- Visita ao zoolóxico de Vigo para os alumnos de 1º ESO.
- Saída as Gándaras de Budiño para os alumnos de 1º ESO.



### IES Pino Manso

- Visita Naturnova e ao Museo do Mar en Vigo para realización de actividades relacionadas con especies invasoras e cos peixes para alumnos de 1º ESO.
- Charla de Nutrición e Saúde para alumnos de Anatomía Aplicada e 3º ESO.
- Charla do Sapoconcho para os alumnos de 1º ESO.

## DEPARTAMENTO LINGUAS CLÁSICAS

ACTIVIDADE	DATA DE REALIZACIÓN	ALUMNADO AO QUE VAI DIRIXIDA
Asistencia a unha representación do Festival de Teatro Clásico en Ourense ou Lugo (segundo dispoñibilidade de entradas)	Segundo programación	Alumnado de latín e cultura clásica
Visita ao castro de San Cibrán de Lás (aproveitando a saída ao teatro) e ao casco vello de Ourense (ponte romana) <sup>1</sup>		
Visita ao castro de Viladonga (aproveitando a saída ao teatro) e ao casco vello de Lugo (muralla)		
Visita aos xacementos romanos de Vigo (Villa de Toralla, Museo Quiñones de León. Castro...)	Maio	Alumnado de latín e cultura clásica
Viaxe a Mérida	Abril	Alumando de latín de 1º e 2º de bach.

A realización das actividades dependerá, en primeiro lugar, da situación sanitaria e das indicacións da Consellería; e, en segundo lugar, da actitude e interese do alumnado.

1 Contémplase a posibilidade de organizar a visita exclusivamente ao parque arqueolóxico, en caso de que non se organice o festival de teatro clásico.



IES Pino Manso

## DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Debido á actual situación sanitaria o Departamento non deseñou actividades concretas. De acordo co agromar dos diferentes eventos (exposicións, obras teatrais, dedicatoria do Día das Letras Galegas, etc.), o Departamento organizará saídas, coloquios, concursos, conferencias, encontros con escritores... Estas actividades poden ser desenvoltas en colaboración con organismos externos ou concibidas polo propio Seminario. O Departamento participará en todas as actividades deseñadas por Dinamización Lingüística.

## DEPARTAMENTO MATEMÁTICAS

- Participación na actividade "Matemáticas nos camiños de Santiago" (1º ESO).
- Participación no programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC" para alumnado de Bacharelato.
- Participación no *Rally Matemático* (3º ESO).
- Asistencia aos Obradoiros para alumnos en Vigo de *IMATXINA 2022* (2º ESO).
- Organización concurso fotografía matemática a nivel de centro.
- Participación no concurso *Explícoche Matemáticas 2.0* (alumnado de Métodos Estatísticos).

## DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Actividades proxectadas polo departamento para o presente curso 2021-22 e que poderán realizarse en maior ou menor medida en función da evolución da pandemia provocada polo COVID-19 e dos protocolos que as autoridades sanitarias recomenden:

**-Realización de contidos audiovisuais** nos que facer participes ao maior número posible de estamentos do centro (biblioteca, normalización,



### IES Pino Manso

profesorado, alumnos, persoal non docente...), experimentando con distintas técnicas e distintos recursos a aventura de rodar un corto, un videoclip, un documental,...etc. Estes contidos realizaránse, sempre que sexa posible, dentro do horario e das instalacións propias do centro. En concreto, salientamos a participación do departamento tanto na organización como no desenvolvemento do proxecto "**Recoméndoche un libro**", organizado en colaboración con, entre outros, a Biblioteca Neira Vilas ou o Festival de Cans.

Cursos: 1º/4º E.S.O.

-**Visitas** ás exposicións artísticas temporais que se organicen na contorna (Centro Cultural de O Porriño, MARCO de Vigo...) e que amosen interese para o desenvolvemento da materia.

Cursos: 1º/2º BACH (Debuxo artístico).

-**Saídas** "Debuxamos/ fotografamos a contorna". Trataríase de pequenas excursións realizadas a pé, e cando o clima o permita, a lugares como o monte da Risca ou o centro urbano de O Porriño para sacar apuntes ou realizar reportaxes fotográficas

Cursos: Fotografía: 4º ESO (Ed. Plástica)

Debuxo: 1º BACH (Debuxo Artístico).

-**Visita/ participación** nalgunha das actividades programadas polo **Festival de Cans**, sempre e cando este volte organizarse no mes de maio.

Cursos: 3º/4º ESO

-**Charlas/obradoiros**: contar coa presenza de artistas recoñecidos e/ou ex-alumnos que cursen estudos artísticos para que nos falen da súa carreira/obra e, de ser posible, nos amosen de xeito práctico o seu proceso de creación.

Cursos: 1º/2º BACH (Debuxo artístico).

-**Excursión ao Caurel**, en colaboración co departamento de Ciencias.

Curso: 2º BACH (Debuxo artístico).

## DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ





### IES Pino Manso

As actividades que se propón realizar este Departamento para o curso 2021-2022 son as seguintes:

- Visita ao centro do autor dalgún dos libros de lectura escollidos polo departamento. A necesidade de non mesturar grupos, como medida de precaución ante a COVID-19, dificulta máis a realización deste tipo de actividade.
- Participación nalgún concurso literario, ben externo ben convocado dentro do propio centro.
- A asistencia a algunha obra de teatro no centro ou fóra dependerá das datas, programación cultural, prezos e, sobre todo, situación sanitaria. A necesidade de non mesturar grupos, como medida de precaución ante a COVID-19, dificulta máis a realización deste tipo de actividade.
- Actividades para conmemorar o Día do libro o 23 de abril.
- Actividades para conmemorar o Día da Poesía o 21 de marzo.
- Taller de técnicas dramatización para alumnos de Oratoria.
- Concurso de Fotorrelatos en colaboración co Departamento de Plástica.

Todas estas actividades poden ser aumentadas, reducidas ou modificadas ao longo do curso en función das circunstancias que poidan xurdir no presente ano académico.

As actividades que supoñan unha saída do centro poden ser vetadas a aqueles alumnos que non tivesen un comportamento axeitado na clase ou estean pendentes dunha sanción por parte do centro. A ausencia non xustificada ás actividades complementarias gratuitas en horario lectivo será penalizada na nota da avaliación.

## DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

No presente curso académico o departamento de Física e Química ten previsto realizar as seguintes propostas de actividades complementarias e saídas extraescolares, **sempre e cando a situación sanitaria o permita**:

### ➤ **Saídas ao Campus Universitario de Vigo.**

Visitas de orientación do alumnado de 2º curso de Bacharelato de Ciencias , a coñecer algunha(s) facultade(s) das titulacións de Ciencias sitas no campus de Vigo.

- Para o alumnado matriculado na materia de Química está concertada unha visita á **facultade de Química** na que o alumnado terá a oportunidade de realizar unha práctica nun dos laboratorios da facultade.
- Participación do alumnado de 1º e 2º de Bacharelato nuns talleres que prepara a **Escola de Enxeñería de Minas**, o longo de unha mañá en sesións de dúas horas. Esta actividade pretende promover a curiosidade do alumnado polas ciencias e a natureza motivando ao aprendizaxe sobre gran variedade de disciplinas científicas.



## IES Pino Manso

### ➤ **Visita aos Museos da Coruña.**

Saída d'Unha xornada programada para o alumnado de 3º curso da ESO, que combina a visita a dous dos museos sitos na cidade da Coruña: *Casa das Ciencias / Domus*.

### ➤ **Visita a Ferias ou Semanas das Ciencias.**

Saída programada para o alumnado de Física e Química de 4º curso da ESO. Participación do noso alumnado nos posibles talleres ofertados para celebrar ferias científicas como a de Galiciencia (convocada en Tecnopole (edificio CEI do Parque Tecnolóxico de Galicia) sito en San Cibrao das Viñas en Ourense.

## DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

-Taller de crêpes coa food truck " La marinière"

-Festival da Francofonía

## DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

1. O Departamento de Filosofía participará na IX Olimpíada Filosófica de Galicia, que este ano leva por temática: "**Transhumanismo, mellora ou final da especie humana**".

Alumnado implicado:

- Valores Éticos de 4º da ESO
- Filosofía de 4º da ESO
- Filosofía de 1º Bacharelato
- Psicoloxía de 2º Bacharelato

2. Ademais, temos previsto a visita ao "**Domus**" na Coruña. O Domus é un museo interactivo dedicado ao ser humano. A data prevista é a finais da segunda avaliación ou principios da terceira.

Alumnado implicado:

- Filosofía de 4º da ESO
- Filosofía de 1º Bacharelato

3. Exposición fotográfica de Alberto Pereiro "Holly" sobre o día a día de "Kórdoba".

Alumnado implicado:



### **IES Pino Manso**

- Valores Éticos e Filosofía de 4º da ESO
- Psicoloxía de 2º de BAC  
(Podería ampliarse a algún grupo máis de Valores Éticos ou Filosofía de 1º de BAC)

## **DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Un curso máis as actividades de dinamización estarán condicionadas polas condicións relacionadas coa situación COVID, segundo avance cara unha melloría ou retroceda cara un empeoramento no centro. Todas as actividades cumprirán cos protocolos que estean vixentes en cada momento da realización.

Cara fomentar o uso do galego nas actividades do centro propóñense as seguintes actividades (indícanse os departamentos relacionados con cada actividade):

### **Uso do galego nas novas tecnoloxías.**- EDLG e todos os departamentos

Trátase de promocionar o uso do galego nas novas tecnoloxías: redes sociais, páxina web... dando a coñecer entre o alumnado contidos en galego relacionados con diferentes disciplinas (música, ciencia, historia, deporte, audiovisual, literatura, etc) así como persoas coñecidas que usan o galego nas redes sociais (tik-tok, youtube, instgram).

### **Día de Rosalía:** 24 febreiro.- EDLG e dpto de música

- Festival poético con música. Será unha actividade onde alumnado e profesorado voluntario recitará poesías de Rosalía e outros poetas galegos acompañadas de músicos en directo. Para esta ocasión convidaremos á cantante Uxía Senlle, muller de longa traxectoria musical e nativa do concello limítrofe de Mos.

### **Celebración do Magosto e Samaín.** - EDLG e dpto LG

- Traballarase nas aulas o magosto tradicional galego. Celebración do magosto antes e agora. O asado das castañas. Recollida oral de como se celebraba o magosto antigamente.
- Procedencia do samaín, evitando as influencias foráneas, especialmente as de carácter anglosaxón.

### **Celebración do Entroido.** - EDLG e dpto LG



### **IES Pino Manso**

- Coñecemento e estudo nas aulas do entroido tradicional e ancestral galego portugués como sinal de identidade (peliqueiros, boteiros, folións, cigarróns, os xenerais do Ulla, os volantes de Chantada, o oso de Salcedo, as pantallas de Xinzo, as damas e galáns de Cobres, os caretos de Podence...). Actividades que se complementará, no caso de que sexa posible, coa saída aos obradoiros artesanais de Vilariño de Conso e Viana do Bolo.

### **Celebración do Amor.** (Febreiro) .- EDLG , dpto LG e Plástica

“Namoarte”. Consiste en escribir un tweet en galego que irá dirixido a unha única persoa na que pode escribir unha frase acompañada dun pequeno debuxo na que demostre un sentimento de afección, de amizade, de tenrura, de simpatía por alguén. Posteriormente, repartiranse aos destinatarios e un xurado seleccionará os gañadores.

### **Celebración do Día das Letras Galegas.-** EDLG, LG e Biblioteca

- Exporanse os carteis remitidos pola Consellería de Educación, no caso de que este ano se envíen, polos corredores.
- O alumnado investigará a vida e a obra do/a mesmo/a nas clases de Lingua Galega e Literatura.
- Maratón de lectura: consistirá na lectura ininterrompida en voz alta dun libro do/a autor/a durante o horario lectivo, coa participación do alumnado, profesorado e persoal non docente.
- Participación no concurso de podcast en galego “**Xosé Mosquera Pérez**” (o vellos dos contos). Un concurso organizado polo IES Rosalía de Castro e Arraianos producións co apoio de Secretaría Xeral de Política Lingüística, a asociación Ponte...nas Ondas e doutras entidades. Un concurso que se elabora o arredor do autor/a homenaxeado/a nas Letras Galegas.

### **Día dos xogos tradicionais.** EDLG, LG e EF (1ºESO)

- A Concellaría de Xuventude do Concello do Grove ten á disposición en réxime de préstamo uns 25 xogos populares realizados artesanalmente cos que pretende pór en valor os xogos populares entre os escolares. Ademais pódense elixir os xogos de carácter individual ou de parella que garantan a distancia entre o alumnado.

### **Concursos:**

- Internos:



### IES Pino Manso

- **Concurso de calacús** e receitas tradicionais do outono coa posterior exposición no centro (pode ser exterior) (1º e 2º ESO)
- Concurso "**namoarte**": polo día dos namorados, un twit en galego. (Todos os niveis)
- Externos:
  - "**As imaxes do patrimonio**": Actividade organizada pola asociación Ponte...nas Ondas que consiste na recollida de fotografías antigas sobre patrimonio inmaterial galego-portugués! (todos os niveis)
  - Concurso de **podcast** en galego "**Xosé Mosquera Pérez**" (o vellos dos contos)
  - Concurso "**O Olo de Vidro**": Concurso promocionado polo Festival de Cans xunto con outras entidades, entre elas o departamento de EPVeA do IES Pino Manso, no que se fomenta a lectura como fonte de información e aprendízase a través do audiovisual co uso do galego como vehículo de comunicación.

### Charlas:

- **Festival de Cans**: Aproveitando a participación dende hai anos no concurso "un olo de vidro" que fomenta o festival de Cans xunto con outras entidades e coa proximidade que hai do centro á parroquia de Cans, convidaremos a algún membro da Asociación Arela ou ao coordinador do festival Alfonso Pato a realizar algunha charla co fin de visualizar o galego no mundo do audiovisual e no cine.- EDLN e plástica (4º ESO)
- **Charlas de escritores/as**: promover o encontro e coloquio con algún escritor/a sobre as lecturas feitas polo alumnado ao longo do curso.

### "Contamos...en galego" EDLG e dpto LG (2º ESO)

- **Avelino González**: actor, contador de historias, tradutor... contará historias sobre O Porriño, da contorna, sobre temas que lles sorprenderá ao alumnado.

### Saídas

- Visita á Illa de San Simón. EDNL, dpto de LG e XH (1º de BAC)
- Autores do Rexurdimento: EDLN, dpto de LG e XH (3º ESO)
  - Ruta Rosaliana (Padrón e Santiago)
  - Ruta Currosiana (Celanova).



### **IES Pino Manso**

- Realizar diferentes saídas para ampliar o coñecemento do patrimonio material e inmaterial de Galicia:
  - o saída para coñecer o entroido tradicional e ver a elaboración das máscaras de Entroido Vilariño de Conso e Viana do Bolo. EDLN, dpto de LG e dpto de plástica ( 2º ESO)
  - o saídas á contorna: Ás Gándaras de Budiño – Faro de Budiño-muíños do Castro en Atios.- EDLN ,dpto de LG, dpto de XH e dpto de Bioloxía (1º ESO)

## **BIBLIOTECA**

### **1º TRIMESTRE:**

- Obradoiro de costura( Samaín): 3 grupos de 12 persoas de 1º ESO. Colabora alumnado de 4º ESO.
- Curtas de terror: 3 días, grupos de 24, previa reserva.
- Obradoiro de decoración de cadernos (novembro): 3 grupos de 12 persoas de 1º ESO. Imparte Noelia Boente de 4º ESO.
- Formación de usuarios 1º ESO e novo alumnado de 1º Bach
- Exposición e explicación de xogos de mesa nos recreos.

### **2º TRIMESTRE:**

- Conmemoración do Día de Rosalía (24 Febreiro). Obradoiro de marcapáxinas en *lettering*. 4º ESO e FP2
- Lectura dramatizada de textos teatrais nos recreos durante o mes de marzo. Previa inscrición. Alumnado de 1º e 2º ESO.
- Curtas temáticas, previa reserva.
- Competición xogos de mesa por equipos. Previa inscrición.

### **3º TRIMESTRE:**

- Día do Libro e das Letras, actividade en colaboración cos departamentos de Linguas.
- III Campionato de xadrez. Todo o alumnado, previa inscrición.



**IES Pino Manso**

- Charla- debate "El amor en los tiempos de Internet" 1º Bach
- Semana Otaku: obradoiro de debuxo, curtas de anime, disfraces.

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO	TEMÁTICA	ORGANISMO/ PROGRAMA	DATAS
1ºESO	VIOLENCIA XÉNERO	PLAN DIRECTOR	P.D.
	NOVAS TECNOLOXÍAS	PLAN DIRECTOR	P.D.
	ACOSO ESCOLAR	PLAN DIRECTOR	P.D.
	TERAPIA CON CANS. BENESTAR EMOCIONAL.	YARACÁN	P.D.
2ºESO	ACOSO ESCOLAR	PLAN DIRECTOR	P.D.
	CONDUTAS INFRATORIAS	ARELA	P.D.
3ºESO	NOVAS TECNOLOXÍAS	PLAN DIRECTOR	P.D.
	Vista CIFPs Puxeiros	POAP CENTRO	MARZO
	DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL	NÓS MESMAS	P.D.
4ºESO	ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL	SALÓN UNITOUR	P.D.
	ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL	CENTRO AS CANCELAS	P.D.
	Campaña Prevención accidentes. Educación vial	AESLEME	P.D.
	ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL	FEIRA ENSINANZAS ARTISTICAS E PROFESIONAIS	P.D.
	SEMANA ORIENTACION IES PINO MANSO	POAP CENTRO	FEBREIRO
FPB	NOVAS TECNOLOXÍAS	PLAN DIRECTOR	P.D.
	Prevención Drogas	PLAN DIRECTOR	P.D.
	<b>CONDUTAS INFRATORIAS</b>	ARELA	P.D.
	<b>BULLYING</b>	ARELA	P.D.
	Campaña Prevención accidentes. Educación vial	AESLEME	P.D.
	ACEESCA. 3 DIC. DÍA DISCAPACIDAD	ACEESCA	DECEMB.
1º BAC	ENCUNTROS NA ZONA USC. Programa A Ponte	USC	2º TRIM
	Xornada Uvigo . Xornada de Orientación Universitaria. CHARLAS INFORMATIVAS UVIGO / XERAL e/ou ESPECÍFICAS	UVIGO	2º TRIM
2º BAC	CHARLA ABAU . ciug	A PONTE USC	2º TRIM
	Charla Xeral Uvigo		2º TRIM
TODOS NIVEIS	Charla Informativa: Acceso ao Exército. FFAA (recreo)	POAP	2º TRIM



IES Pino Manso

## VICEDIRECCIÓN

Ademáis de coordinar as actividades organizadas ou propostas polos departamentos, dende Vicedirección, en colaboración cos departamentos, organizaranse e facilitarase o desenvolvemento doutras actividades complementarias e extraescolares. Cómpre sinalar que **a realización, organización e deseño das actividades do IES Pino Manso estarán condicionadas á situación sanitaria en relación á COVID 19:**

- Magosto.
- Celebración do Entroido.
- Celebración de Fin de Curso.
- Charlas do programa A PONTE ENTRE O ENSINO MEDIO E A USC, para alumnado de 4º de ESO e Bacharelato, así como as que oferten outras universidades.
- Propostas da ANPA, tanto para o alumnado como para as familias.
- Propostas da Biblioteca Municipal do Porriño.
- Propostas do Concello do Porriño e da OMIX do Concello, como por exemplo o obradoiro CIDADANÍA DIXITAL: SEGUROS NA REDE, para o 19 e 20 de outubro no nivel de 3º de ESO.
- Actividades en datas conmemorativas: Día internacional da eliminación da violencia contra a muller (25 de novembro), Día internacional da muller e da nena na ciencia (11 de febreiro), ...
- Outras propostas que aparezan ao longo do curso e sexan de interese para o alumnado.

A valoración das actividades por parte do profesorado farase a través de cuestionarios ou de maneira oral e a valoración por parte do alumnado sobre todo utilizando cuestionarios ou círculos proactivos. As actividades que repetimos ano tras ano por coñecer o seu bo funcionamento xa non entraremos a valoralas.